



CONTORNA ECONÓMICA

II. CONTORNA ECONÓMICA

II.1. O CONTEXTO INTERNACIONAL

As previsións elaboradas a principios de ano polos principais organismos internacionais, Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea, apuntaban a un menor dinamismo da economía mundial para o período 2019-2020. Os indicadores máis recentes sinalan un debilitamento máis acusado do previsto, debido principalmente ao agravamento das tensións comerciais e á desaceleración de China e outras economías emerxentes. As previsións máis recentes, as da OCDE, reflicten este empeoramento da economía mundial nos últimos meses. Antes do verán, os tres organismos prevían un crecemento do 3,2% en 2019, inferior ao dos anos anteriores, e un maior dinamismo no ano 2020. A OCDE revisou á baixa a previsión para este ano en tres décimas, ata o 2,9%. A previsión de crecemento para o 2020 roldaba o 3,5% e na actualidade a OCDE estima un incremento do 3,0%.

A información máis recente apunta, polo tanto, a unha desaceleración da economía mundial, afectada por unha confluencia de factores adversos como as tensións comerciais e xeopolíticas e as dúbidas sobre o formato de saída do Reino Unido da Unión Europea. A desaparición destes factores adversos reduciría a incerteza actual e repercutiría nunha melloría na economía mundial.

Cadro 2: Previsións macroeconómicas

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI (xullo 2019)		OCDE (setembro 2019)		Comisión Europea (xullo 2019) ⁽³⁾	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020
PIB Mundial	3,2	3,5	2,9	3,0	3,2	3,5
Área Euro ⁽¹⁾	1,3	1,6	1,1	1,0	1,2	1,4
Francia	1,3	1,4	1,3	1,2	1,3	1,4
Alemaña	0,7	1,7	0,5	0,6	0,5	1,4
Italia	0,1	0,8	0,0	0,4	0,1	0,7
Portugal ⁽¹⁾⁽²⁾	1,7	1,5	1,8	1,9	1,7	1,7
España⁽¹⁾	2,3	1,9	2,2	1,9	2,3	1,9
Reino Unido	1,3	1,4	1,0	0,9	1,3	1,3
Estados Unidos	2,6	1,9	2,4	2,0	2,4	1,9
Xapón	0,9	0,4	1,0	0,6	0,8	0,6
Marrocos ⁽¹⁾⁽²⁾	3,2	3,8	--	--	--	--
México	0,9	1,9	0,5	1,5	1,9	2,3
Brasil	0,8	2,4	0,8	1,7	1,9	2,4
China	6,2	6,0	6,1	5,7	6,2	6,0
India	7,0	7,2	5,9	6,3	7,1	7,3
Comercio mundial de bens e servizos	2,5	3,7	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países. A actualización de setembro non inclúe a Portugal, España e Marrocos

(2) A actualización de xullo do FMI non inclúe previsións para Portugal e Marrocos

(3) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio

Utilizando como fonte de información a OCDE, as economías avanzadas¹ mostran sinais de desaceleración, cun comportamento diferenciado entre os principais países: Estados Unidos crecerá un 2,4% en 2019, cinco décimas menos que o ano anterior, e un 2,0% no ano 2020. Para a zona euro prevese unha moderación no seu crecemento, 1,1% en 2019, oito décimas menos que no ano anterior, e 1,0% en 2020. Para Reino Unido o crecemento previsto en 2019 é do 1,0%, unha décima menos que no ano anterior, e no 2020 do 0,9%, mais as condicións da saída Unión Europea serán determinantes no futuro da economía británica. A debilidade da economía xaponesa manterase nos dous anos, con incrementos do 1,0% en 2019 e 0,6% no ano seguinte. Entre as economías emerxentes e desenvolvidas¹ destaca a recesión en Turquía en 2019, -0,3%, que se recuperaría no ano seguinte, cun crecemento do 1,6% e China, que reducirá gradualmente o seu crecemento, con taxas do 6,1% en 2019, cinco décimas menos que no ano anterior, e do 5,7% en 2020.

Para o ano 2019, comparando as últimas estimacións elaboradas polos tres organismos coas estimacións previas e se consideramos unicamente as principais economías, os

1

Rusia, China, India, Indonesia, Malasia, Brasil, México, Arxentina, países de África e de Oriente Medio e subsaharianos forman este grupo

novos prognósticos sinalan a contracción da economía mundial nun contexto de elevada incerteza. As previsións máis recentes, as da OCDE, cuantifican en tres décimas o empeoramento da economía global nos últimos meses, dun crecemento do 3,2% previsto en maio ao 2,9% de setembro.

A incerteza sobre as tensións comerciais e xeopolíticas afecta tanto as economías avanzadas como as emerxentes. A OCDE revisou á baixa as previsións de crecemento de Estados Unidos en catro décimas, do 2,8% previsto en maio ao 2,4% en setembro, para a área euro a revisión foi de unha décima, do 1,2% ao 1,1%; tamén reduce o crecemento de Reino Unido e das principais economías emerxentes.

Cadro 3: Variación das previsións.

Previsións 2019. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Abril	Xullo	Maio	Setembro	Febreiro	Xullo ⁽³⁾
PIB Mundial	3,3	3,2	3,2	2,9	3,5	3,2
Área Euro ⁽¹⁾	1,3	1,3	1,2	1,1	1,9	1,2
Francia	1,3	1,3	1,3	1,3	1,6	1,3
Alemaña	0,8	0,7	0,7	0,5	1,8	0,5
Italia	0,1	0,1	0,0	0,0	1,2	0,1
Portugal ⁽¹⁾⁽²⁾	1,7	1,7	1,8	1,8	1,8	1,7
España ⁽¹⁾	2,1	2,3	2,2	2,2	2,2	2,3
Reino Unido	1,2	1,3	1,2	1,0	1,2	1,3
Estados Unidos	2,3	2,6	2,8	2,4	2,6	2,4
Xapón	1,0	0,9	0,7	1,0	1,0	0,8
Marrocos ⁽¹⁾⁽²⁾	3,2	3,2	--	--	--	--
México	1,6	0,9	1,6	0,5	2,5	1,9
Brasil	2,1	0,8	1,4	0,8	1,9	1,9
China	6,3	6,2	6,2	6,1	6,2	6,2
India	7,3	7,0	7,2	5,9	7,5	7,1
Comercio mundial de bens e servizos	3,4	2,5	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países. A actualización de setembro non inclúe a Portugal, España e Marrocos

(2) A actualización de xullo do FMI non inclúe previsións para Portugal e Marrocos

(3) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio

Para o 2020, a OCDE prevé unha lixeira melloría da economía, cun crecemento do 3,0%, aínda que revisou á baixa as previsións dos principais países respecto das estimacións anteriores.

Cadro 4: Variación das previsións

Previsións 2020. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE ⁽¹⁾		Comisión Europea	
	Abril	Xullo	Maio	Setembro	Febreiro	Xullo ⁽³⁾
PIB Mundial	3,6	3,5	3,4	3,0	3,5	3,5
Área Euro ⁽¹⁾	1,5	1,6	1,4	1,0	1,7	1,4
Francia	1,4	1,4	1,3	1,2	1,6	1,4
Alemaña	1,4	1,7	1,2	0,6	1,6	1,4
Italia	0,9	0,8	0,6	0,4	1,3	0,7
Portugal ⁽¹⁾⁽²⁾	1,5	1,5	1,9	1,9	1,7	1,7
España⁽¹⁾	1,9	1,9	1,9	1,9	2,0	1,9
Reino Unido	1,4	1,4	1,0	0,9	1,2	1,3
Estados Unidos	1,9	1,9	2,3	2,0	1,9	1,9
Xapón	0,5	0,4	0,6	0,6	0,5	0,6
Marrocos ⁽¹⁾⁽²⁾	3,8	3,8	--	--	--	--
México	1,9	1,9	2,0	1,5	2,4	2,3
Brasil	2,5	2,4	2,3	1,7	2,3	2,4
China	6,1	6,0	6,0	5,7	5,9	6,0
India	7,5	7,2	7,4	6,3	7,5	7,3
Comercio mundial de bens e servizos	3,9	3,7	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países. A actualización de setembro non inclúe a Portugal, España e Marrocos

(2) A actualización de xullo do FMI non inclúe previsións para Portugal e Marrocos

(3) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio

Nos seguintes parágrafos detállanse estas previsións para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, Xapón, China, India, os principais da zona euro, Reino Unido e Marrocos. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da Comisión Europea, e comentaranse as principais discrepancias coas previsións do FMI e as da OCDE.

As proxeccións reflicten que a expansión económica na zona euro continuará no período 2019-2020, aínda que ralentizará o seu crecemento. Os factores que favorecen o crecemento económico manteranse nos próximos anos aínda que o seu efecto irase reducindo: malia unha política monetaria acomodaticia e uns tipos de interese baixos, a perda de confianza ante as tensións comerciais e xeopolíticas internacionais podería afectar á inversión empresarial; o emprego seguirá crescendo pero a menor ritmo e, xunto cun incremento salarial, sosteirá o consumo privado; que se solucionen os problemas que afectan á economía mundial incidirá na mellora das exportacións da zona euro. En 2019 a previsión de crecemento da zona euro estaría en torno ao 1,3% do FMI e o 1,1% da

OCDE; en 2020 a OCDE é o único organismo que prevé menor crecemento que no ano anterior, 1,0%.

Por países dentro da zona euro, as perspectivas da Comisión Europea para 2019 reflicten a desaceleración das principais economías: Francia crecería un 1,3% en 2019 fronte ao 1,7% en 2018, Alemaña pasaría do 1,5% en 2018 ao 0,5% en 2019, Italia crecería o 0,1%, seis décimas menos que o ano anterior (0,7%) e Portugal reduciría o crecemento do 2,1% en 2018 ao 1,7% en 2019. As previsións de crecemento para España² tamén son inferiores ás do ano anterior, do 2,6% en 2018 ao 2,3% en 2019. As previsións do FMI para 2019 difiren das da Comisión Europea para Alemaña (0,7%), mentres que coinciden para as outras catro economías. As previsións da OCDE coinciden coas da Comisión Europea para Francia e Alemaña, son máis optimistas para Portugal (1,8%), mentres que prognostican un menor crecemento de Italia (0,0%) e España (2,2%).

As previsións para 2020 da Comisión Europea amosan unha recuperación nas principais economías da área euro respecto do ano anterior. Segundo estas previsións, a economía española sería a única que moderaría o seu crecemento (catro décimas, ata o 1,9%) en 2020, aínda que seguirá a ser a economía que máis creza, seguida de Portugal, que se manterá estable no 1,7%. A maior reactivación darase en Alemaña, que pasará dun crecemento do 0,5% en 2019 ao 1,4% en 2020, por unha redución do impacto na economía das perturbacións no sector automobilístico. Italia e Francia tamén rexistrarán un maior incremento, 0,7% e 1,4% respectivamente. As previsións do FMI coinciden coas da Comisión para Francia e España, melloran a previsión para Alemaña (1,7%) e Italia (0,8%) e reducen o crecemento de Portugal (1,5%). As previsións da OCDE empeoran as perspectivas da Comisión para Francia, Alemaña e Italia, mentres son máis optimistas con Portugal (1,9%) e coinciden para España³.

No principal país da UE que queda fóra da zona euro, o Reino Unido, todos os organismos sinalan a incerteza na evolución da súa economía, xa que as condicións da saída da Unión Europea serán determinantes. A Comisión Europea indica que as súas proxeccións están baseadas en supostos técnicos nos que se manteñen as mesmas relacións comerciais entre o Reino Unido e a Unión Europea. Prevé un crecemento do 1,3% nos dous anos, unha décima menos que en 2018 (1,4%). As previsións do FMI coinciden coas da Comisión en 2019 e unha mellora o ano seguinte (1,4%). O escenario máis pesimista preséntao a OCDE, cun crecemento do 1,0% en 2019, e unha décima menos en 2020 (0,9%).

En Estados Unidos, todos os organismos prevén un menor crecemento que no ano 2018, na medida na que se atenúen os efectos dos estímulos fiscais. A previsión para o ano 2019 oscila entre o 2,6% do FMI e o 2,4% da Comisión Europea e da OCDE. No ano

² O INE difundiu en setembro a Revisión Estatística 2019 das contas económicas anuais e trimestrais; como consecuencia desta revisión, o PIB medrou un 2,4% en 2018, dúas décimas menos que as estimacións anteriores, baixo as cales se realizaron as previsións.

³ A actualización da OCDE de setembro non inclúe previsións para España e Portugal.

2020, o crecemento será inferior ao do ano precedente, entre o 2,0% da OCDE e o 1,9% previsto polo FMI e a Comisión Europea.

En Xapón as últimas previsións manteñen un débil crecemento desta economía nos dous próximos anos; a previsión para o ano 2019 varía entre o 1,0% da OCDE e o 0,8% da Comisión Europea; os tres organismos coinciden en que no ano 2020 o crecemento será menor, entre o 0,4% do FMI e o 0,6% da OCDE e da Comisión Europea.

O impacto das tensións comerciais con Estados Unidos reflíctese no crecemento da economía china que, malia os estímulos fiscais e monetarios para contrarrestar estes efectos, reduce o seu crecemento, aínda que seguirá sendo sólido. Os tres organismos aproxímanse nas súas previsións para 2019, cun incremento entre o 6,1% e o 6,2%; para 2020 a OCDE baixou en setembro as súas perspectivas, do 6,0% (coas que coincidía cos outros dos organismos) ata o 5,7%. As previsións para India indican que continuará o vigor desta economía, nas previsións de primavera os prognósticos eran de taxas superiores ao 7% segundo os tres organismos. A OCDE ven de revisar á baixa as súas previsións, do 7,2% ata o 5,9% en 2019 e do 7,4% ata o 6,3% en 2020.


Utilizando os datos do FMI, a economía de Marrocos, continuará a senda expansiva, cun crecemento no ano 2019 do 3,2% (unha décima máis que no ano anterior) e do 3,8% en 2020.

A Comisión Europea tamén ofrece, nas súas previsións de maio, o perfil dos crecementos trimestrais e anuais. Os seguintes gráficos presentan o crecemento intertrimestral e interanual previsto e o observado para as principais economías europeas, Estados Unidos e Xapón para os anos 2019 e 2020.

En termos intertrimestrais obsérvase que, en xeral, o valor observado no primeiro trimestre superou o foi similar ao valor previsto, o que non ocorre na maioría das economías no segundo trimestre, no que compre destacar as taxas negativas de Alemaña e Reino Unido.


En termos interanuais os países da área do euro tiveron un mellor comportamento que o previsto pola Comisión Europea, agás España (as previsións da Comisión Europea elaboráronse antes da revisión estatística 2019 que revisou á baixa o crecemento do PIB). A economía estadounidense amosa un menor dinamismo nos dous primeiros trimestres do esperado, mentres que a economía xaponesa supera ás expectativas. En termos de taxas interanuais obsérvase como, en xeral, as previsións eran máis optimistas do que sucedeu realmente.

Gráfico 13. Previsións PIB intertrimestral 2019 e 2020



Fonte: Comisión Europea

Gráfico 14. Previsións PIB interanual 2019 e 2020



Fonte: Comisión Europea

II.2. ECONOMÍA ESPAÑOLA

A economía española mantén unha senda expansiva nos últimos anos, encadeando cinco anos consecutivos de crecemento. España está a crecer por riba da media dos países europeos, e nun contexto de progresiva desaceleración da economía mundial, moderará o seu crecemento nos próximos anos.

Os datos macroecómicos de España reflicten un crecemento sólido e sostido, acadando dezanove trimestres consecutivos taxas superiores ao 2,0%. Como xa se indicou anteriormente, o INE difundiu en setembro a contabilidade nacional anual e trimestral onde se actualizou a información estrutural dispoñible e se revisaron as fontes e os métodos de estimación. Esta revisión supuxo unha redución no PIB nacional nos últimos anos, que tamén afectou as estimacións dos dous primeiros trimestres de 2019. Segundo os datos publicados a finais de setembro, o PIB rexistrou un incremento intertrimestral no segundo trimestre de 2019 do 0,4%, unha décima inferior ao do trimestre anterior. En termos de taxa interanual, o crecemento foi do 2,0%, dúas décimas menor que no trimestre precedente.

Desde a óptica da demanda, a expansión nos últimos anos da economía española baseouse principalmente na demanda interna. O consumo privado veuse fortalecido pola mellora no emprego. O empuxe da inversión veu determinado polas condicións financeiras favorables, o aumento do consumo e a menor débeda das sociedades non financeiras.

Analizando o crecemento do PIB no ano 2018, pódese observar unha achega positiva da demanda interna, 2,6 puntos porcentuais, inferior á do ano anterior, e unha contribución negativa do sector exterior, -0,3 puntos porcentuais. No dous primeiros trimestres do ano, obsérvase un menor dinamismo da demanda interna e unha contribución positiva do sector exterior, cun aumento das exportacións e unha caída das importacións.

Cadro 5: España. Compoñentes do PIB polo lado da demanda.

España. Demanda. Índices de volume. Referencia 2015								
Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)								
Operacións	2017	2018	2018				2019	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	2,5	1,9	2,3	2,0	1,7	1,4	1,3	1,0
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	3,0	1,8	2,5	2,1	1,6	1,2	1,0	0,6
-Gasto en consumo final das AAPP	1,0	1,9	1,6	1,7	1,9	2,2	2,2	2,2
Formación bruta de capital	5,6	6,1	5,7	8,4	6,1	4,4	4,6	1,2
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	3,0	2,6	2,9	3,1	2,5	2,0	1,9	1,0
Exportacións de bens e servizos	5,6	2,2	4,0	3,1	1,6	0,1	0,3	2,2
Importacións de bens e servizos	6,6	3,3	4,7	6,3	2,5	-0,3	-0,4	-0,7
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	2,9	2,4	2,8	2,3	2,2	2,1	2,2	2,0

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

Entre os compoñentes da demanda interna, o consumo privado aumentou un 1,8% no ano 2018, favorecido polo continuo incremento do emprego; no que vai de ano obsérvase un consumo máis moderado, cun crecemento no segundo trimestre do 0,6%, catro décimas inferior ao do trimestre anterior.

A formación bruta de capital mantivo un forte dinamismo no ano 2018, cun incremento do 6,1%, cinco décimas máis que no ano anterior. No segundo trimestre de 2019, o empeoramento é importante, cunha taxa do 1,2%, inferior en 3,4 puntos á do trimestre precedente.

As exportacións españolas vense afectadas pola situación económica mundial; as tensións comerciais e a incerteza inciden no comercio de bens e servizos. O crecemento medio no ano 2018 foi do 2,2%, 3,4 puntos menor que o do ano anterior. No segundo trimestre de 2019 as exportacións aumentaron un 2,2% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, case dous puntos máis que no trimestre anterior.

As importacións creceron por riba das exportacións no ano 2018, o que tamén ocorría en 2017, cunha taxa do 3,3%, 3,3 puntos inferior á do ano anterior; no segundo trimestre de 2019 rexistran unha caída do 0,7%.

Dende a perspectiva da oferta e a nivel de agregado, no ano 2018 o sector primario e a construción mostraron maior dinamismo que no ano anterior mentres que a industria diminuíu a actividade e os servizos moderaron o seu crecemento.

No que vai de ano, a construción e os servizos sosteñen o avance da economía, mentres que o deterioro da actividade é máis acusado nas ramas agrarias e industriais.

Cadro 6: España. Componentes do PIB polo lado da oferta.

España. Oferta. Índices de volume. Referencia 2015								
Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)								
Operacións	2017	2018	2018				2019	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-3,0	5,9	5,9	7,8	3,0	6,9	0,0	-4,6
Industria	3,1	-0,4	0,4	-0,3	-0,2	-1,5	-0,7	0,2
- Industria manufactureira	4,9	0,7	1,7	1,2	0,2	-0,3	-0,1	-0,3
Construción	4,9	5,7	5,0	5,5	6,2	5,9	6,4	5,2
Servizos	2,9	2,7	3,0	2,5	2,6	2,7	2,9	2,8
Impostos netos sobre os produtos	2,8	1,2	2,4	1,5	0,8	0,0	-0,5	-0,4
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	2,9	2,4	2,8	2,3	2,2	2,1	2,2	2,0

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

○ sector primario rexista unha caída do 4,6% no segundo trimestre, logo de manterse estable no primeiro.

○ valor engadido bruto das ramas industriais aumenta un 0,2% no segundo trimestre, unha mellora de nove décimas respecto do trimestre precedente; dentro destas, a industria manufactureira continúa retrocedendo, un -0,3%, despois do -0,1% do primeiro trimestre.

A construción mantén un crecemento robusto malia perda de vigor no segundo trimestre, 5,2% fronte a 6,4% no trimestre precedente.

Por último, o dinamismo do sector servizos continúa neste ano, cunha taxa no segundo trimestre do 2,8%, unha décima menos que no trimestre anterior.

○ emprego, medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo, aumentou no ano 2018 un 2,5%, tres décimas menos que no ano anterior. Esta evolución supón un incremento neto de 443 mil empregos equivalentes a tempo completo nun ano. A construción é o único dos grandes sectores que rexista un maior crecemento que no ano anterior.

No que vai de 2019, estanse a perder postos de traballo nas ramas agraria e pesqueira mentres que os outros grandes sectores seguen creando emprego; o postos de traballo equivalentes a tempo completo aumentaron un 1,4% na industria o segundo trimestre, catro décimas máis que no trimestre anterior, na construción o incremento foi do 5,0% aínda que cunha redución significativa respecto do trimestre precedente (10,2%) e nos servizos o emprego creceu un 2,7%, unha décima máis que no primeiro trimestre.

○ número de horas efectivamente traballadas polas persoas ocupadas na economía aumentaron un 2,6% no ano 2018, superando en sete décimas o crecemento do ano

anterior; no segundo trimestre de 2019 apréciase una perda de intensidade nas horas traballadas, cun aumento do 1,3%, a taxa máis baixa nos últimos anos. As horas traballadas diminúen no sector primario e na industria no segundo trimestre; na construción e nos servizos o incremento é inferior ao do trimestre anterior.

Con este crecemento da actividade e do emprego, a produtividade aparente por posto de traballo equivalente en 2018 diminúe en dúas décimas, dende o 0,0% de 2017 ata o -0,2% de 2018, e a produtividade por hora traballada pasa do 0,9% ao 0,2%.

Cadro 7. Variación trimestral dos postos de traballo

España. Postos de traballo equivalentes a tempo completo								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)								
	2017	2018	2018				2019	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	2,9	0,0	0,6	0,0	-0,7	0,0	-0,4	-1,6
Industria	3,1	1,9	3,2	2,6	1,5	0,4	1,0	1,4
- Industria manufactureira	3,7	2,0	3,6	2,9	1,5	0,2	1,0	1,4
Construción	6,2	8,2	7,1	7,6	7,8	10,4	10,2	5,0
Servizos	2,5	2,3	2,2	2,1	2,3	2,5	2,6	2,7
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	2,8	2,5	2,6	2,4	2,5	2,7	2,7	2,5

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

Estes datos do segundo trimestre de 2019 confirman unha perda do vigor da economía española en relación cos anos precedentes. As previsións dos principais organismos internacionais que se mostraban no apartado anterior xa prognosticaban en primavera que a economía española moderaría o seu crecemento respecto dos anos anteriores, máis os datos da contabilidade nacional trimestral avanza que a economía española está a crecer por debaixo do previsto fai uns meses⁴. Nos gráficos anteriores sobre as previsións da Comisión Europea obsérvase como, tanto en termos interanuais como intertrimestrais, as taxas previstas de crecemento do PIB para os dous primeiros trimestres do ano eran unha décima superior ao valor finalmente rexistrado.

As previsións do Banco de España son as máis recentes e as únicas que recollen a revisión na contabilidade nacional anual. Estas previsións revisaron á baixa o crecemento da economía española respecto das previsións anteriores. Para o ano 2019 o Banco de España prevé un crecemento do 2,0%, catro décimas menos do que proxectaba en xuño; tamén reduce o crecemento para 2020 ata o 1,7%.

4

A revisión estatística 2019 da contabilidade nacional limita a comparabilidade entre a evolución actual e a utilizada na elaboración das previsións.

A situación internacional afecta á confianza dos fogares e das empresas, o que reduciría a demanda interna, aínda que continuará sendo o moto do crecemento. O sector exterior contribuirá en 0,6 puntos no ano 2019 mentres que no ano 2020 será case neutral.

No seguinte cadro presentamos as estimacións de crecemento da economía española previstas para os anos 2019 e 2020 polo Goberno, o Banco de España, a Comisión Europea, o FMI e a OCDE.

Cadro 8. España. Previsións macroeconómicas

Previsións macroeconómicas. España. TVA (%)										
	2019					2020				
	Ministerio Economía (abril 2019)	Banco de España (setembro 2019)	CE (maio 2019)	FMI (abril 2019)	OCDE (maio 2019)	Ministerio Economía (abril 2019)	Banco de España (setembro 2019)	CE (maio 2019)	FMI (abril 2019)	OCDE (maio 2019)
PIB por componentes de demanda										
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	1,9	1,0	1,9	2,0	1,7	1,6	1,3	1,6	1,7	1,6
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	1,9	1,8	1,7	1,7	1,9	1,5	1,3	1,5	0,8	1,6
Formación bruta de capital fixo	4,0	2,3	3,6	2,9	3,8	3,5	3,4	2,9	2,7	3,9
Demanda nacional ⁽²⁾	2,3	1,4	2,2	2,2	2,2	1,9	1,7	1,8	1,7	2,1
Exportacións de bens e servizos	2,7	2,2	2,3	2,5	0,8	2,8	3,0	2,9	3,5	3,7
Importacións de bens e servizos	3,1	0,5	2,7	2,7	0,6	2,9	3,2	3,0	3,2	4,3
Saldo exterior ⁽³⁾	-0,1	0,6	-0,1	-0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	-0,2	0,2
Produto interior bruto	2,2	2,0	2,3*	2,3*	2,2	1,9	1,7	1,9	1,9	1,9
Produto interior bruto nominal	3,9	--	3,7	3,6	3,1	3,6	--	3,6	3,6	3,5
Mercado de traballo										
Emprego equivalente a tempo completo	2,1	1,8	2,0	1,6	2,3	1,8	1,3	1,7	0,6	1,6
Taxa de paro	13,8	14,1	13,5	14,2	13,8	12,3	13,2	12,2	14,1	12,7

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio de Economía, Banco de España e Comisión Europea: Achega ao crecemento do PIB

(3) Achega ao crecemento do PIB


(*) Actualización das previsións en xullo

Fonte: Ministerio de Economía y empresa, Banco de España, Comisión Europea, OCDE e FMI

No que respecta á taxa de paro, as previsións máis optimistas para 2019 corresponden á Comisión Europea, cunha taxa de paro do 13,5%; o FMI prognostica a taxa máis elevada, 14,2%, o Banco de España prevé un 14,1% e os outros dous organismos coinciden nun 13,8%. Con estas previsións, a taxa de paro diminuiría entre 1,1 e 1,8 puntos con respecto ao ano anterior. Para o ano 2020 a previsión do FMI é a máis desfavorable, 14,1%, mentres que a Comisión Europea prevé a taxa máis baixa, 12,2%. Con estas estimacións, o descenso máis acusado na taxa no ano 2020 sería o do Goberno, 1,5 puntos, mentres o FMI rebaixaría 0,2 puntos.


Ademais das previsións dos organismos públicos nacionais e internacionais, FUNCAS elabora un panel de previsións mediante a realización de enquisas entre 19 servizos de análise españois. A estimación de consenso dos organismos privados (anterior á Revisión estatística 2019 do INE) sitúa o crecemento da economía española nun 2,2% en 2019 e un 1,9% no ano 2020.

Gráfico 15. España. Previsión PIB 2019.



Fonte: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea, Ministerio de Economía e Banco de España

Gráfico 16. España. Previsión PIB 2020.



Fonte: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea, Ministerio de Economía e Banco de España

II.3. ECONOMÍA GALEGA

Os datos máis recentes⁵ sobre a economía galega manifestan un crecemento sostido nos últimos anos. Non obstante, na primeira metade do ano obsérvase unha ralentización; logo de case catro anos con taxas interanuais superiores ao 2,5%, no segundo trimestre de 2019, o PIB galego medrou un 2,0%. A taxa intertrimestral neste trimestre foi do 0,3%, inferior á dos trimestres anteriores. A continuación detállase o comportamento da economía galega no segundo trimestre do ano comparado co primeiro para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

Cadro 9. Galicia. Evolución económica recente

Galicia. Produto interior bruto								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario								
	2016	2017	2017				2018	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Variación interanual	3,1	3,1	3,0	3,2	3,1	3,1	3,1	2,8
Variación intertrimestral	--	--	0,6	0,9	0,8	0,7	0,7	0,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Demanda

A economía galega mantivo un crecemento equilibrado nos últimos anos, con achegas positivas tanto da demanda interna como da externa desde mediados do ano 2014. Porén, no ano 2018 a demanda externa veuse afectado pola atonía do comercio mundial e da actividade industrial (principalmente do sector da automoción).


No ano 2018 a achega da demanda interna en termos nacionais foi de 2,9 puntos porcentuais, superior á do ano anterior, sendo o consumo privado e a inversión os motores deste crecemento. A achega dos sector exterior ao crecemento do PIB foi negativa, -0,1 puntos porcentuais, por un incremento maior das importacións que das exportacións.

Nos dous primeiros trimestres de 2019, a achega da demanda interna en termos nacionais ao crecemento do PIB segue a ser positiva, de 3,0 puntos porcentuais no primeiro trimestre e de 3,3 puntos porcentuais no segundo. Porén, a achega do sector exterior ao crecemento do PIB é negativa nos dous trimestres, -0,7 puntos porcentuais no primeiro trimestre e -1,3 puntos porcentuais no segundo. Unha economía tan aberta como a galega non é inmune a persistencia da incerteza e ao deterioro do entorno exterior.

⁵

Primeira estimación das contas económicas trimestrais.

Gráfico 17. Galicia, evolución recente do PIB, achega interna vs externa



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares incrementouse un 2,3% no ano 2018, un punto máis que no ano anterior e achegou 1,4 puntos ao crecemento do PIB; o ano 2019 comezou cunha aceleración no seu crecemento (3,5% no segundo trimestre).

Os principais indicadores do consumo privado móstranse en sintonía co agregado debido a que presentan unha taxa interanual, no ano 2018, superior á do ano anterior e un mellor comportamento na primeira metade de 2019. O indicador de renda salarial real calculado con: afiliación, incremento salarial pactado en convenio e o IPC como deflactor rexistra no ano 2018 un crecemento medio superior ao do ano anterior. O bo comportamento do emprego xunto cun incremento dos salarios e un menor incremento dos prezos contribúen a un maior gasto dos fogares.

A formación bruta de capital creceu en 2018 con maior intensidade que en 2017 (7,0% fronte a 5,5%), co que encadea cinco anos consecutivos de crecemento. Este dinamismo mantense no comezo de 2019. A prolongación da fase expansiva da economía, as condicións financeiras favorables e o menor endebedamento das empresas axudan á inversión.

Entre os indicadores de inversión, as importacións de bens de equipo mostraron unha maior intensidade no crecemento no ano 2018 mentres que a produción creceu a menor ritmo. A inversión en construción en 2018 superou á do ano anterior. Outro indi-

cadador de inversión, a matriculación de vehículos de carga, mostra una tendencia expansiva nos últimos anos.

Cadro 10. Galicia, PIB, desglose polos compoñentes da demanda

Galicia. Demanda. Índices de volume. Referencia 2010								
Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)								
Operacións	2017	2018	2018				2019	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	1,6	2,2	2,4	2,1	2,0	2,4	2,4	3,3
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,3	2,3	2,4	2,1	2,2	2,6	3,4	3,5
-Gasto en consumo final das AAPP	2,4	1,8	2,4	2,1	1,2	1,6	-0,3	2,8
Formación bruta de capital	5,5	7,0	6,4	8,7	7,1	5,9	6,5	4,1
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	2,2	2,9	2,9	3,1	2,7	2,8	3,0	3,3
Exportacións de bens e servizos	5,0	3,4	7,1	4,3	4,6	-2,3	-7,1	-8,6
Importacións de bens e servizos	3,2	3,9	7,3	5,2	5,4	-2,0	-6,2	-6,6
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,2	2,8	3,1	2,9	2,5	2,6	2,3	2,0

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

As exportacións creceron un 3,4% no ano 2018, 1,6 puntos menos que no ano anterior; as importacións aumentaron un 3,9%, 0,7 puntos máis que en 2017. Tanto as exportacións ao resto de España como o gasto dos non residentes rexistran un crecemento superior no ano 2018 respecto do ano anterior, mentres que as exportacións fora de España amosan un menor dinamismo.

No que vai de 2019, tanto as exportacións como as importacións mostran sinais de contracción. A desaceleración dos países do noso entorno e, en xeral, do comercio mundial afectan ás exportacións galegas no estranxeiro. A redución da produción industrial incide no menor ritmo exportador.

Os datos de comercio exterior, obtidos a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria, indican que as exportacións galegas aumentaron en termos nominais en 2018 un 4,9%, reducindo o crecemento do ano anterior en 4,2 puntos. Nos sete primeiros meses de 2019, as exportacións diminuíron un 8,9%. As importacións aumentaron un 10,5% en 2018 e moderan o crecemento neste ano, cunha taxa do 3,2% no que vai de ano.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no ano 2018 as taxas de crecemento interanual dos grandes agregados son inferiores ás do ano precedente agás na industria. Na primeira metade de 2019, prodúcese un retroceso na industria, cunha taxa do -2,1% no segundo trimestre; nos outros agregados as taxas son positivas.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 0,9% no ano 2018, un punto inferior á taxa de 2017; no que vai de ano a senda é decrecente.

As ramas industriais rexistran un crecemento do 3,8% no ano 2018, mellorando en 0,6 puntos o rexistro do ano precedente. Non obstante, a industria manufactureira creceu un 2,8%, 2,1 puntos menos que no ano anterior. Na primeira metade do ano, tanto a enerxía como a industria manufactureira mostran unha peor evolución. No segundo trimestre do ano, o VEB da industria manufactureira diminuíu un 0,8% e o VEB do total da industria o 2,1%.

O principal indicador conxuntural do sector industrial, o Índice de produción industrial (IPI) reflicte o bo comportamento deste sector no ano 2018, principalmente na primeira metade do ano. A produción de enerxía aumenta un 11,1% no ano, fronte unha caída de magnitude similar o ano anterior. A industria manufactureira creceu en 2018 un 3,4%, menos que no ano anterior, 5,9%. No que vai de 2019, o IPI rexistra unha caída do 6,2%, con descensos tanto na industria manufactureira (-0,8%) como na produción de enerxía (-29,4%).

A taxa de variación interanual do sector da construción no ano 2018 foi do 6,1%, inferior á do ano anterior. Estes datos poñen de manifesto o dinamismo do sector, que continúa nos dous primeiros trimestres de 2019.

O sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 2,5% en 2018, 0,6 puntos inferior ao do ano anterior. A rama de actividade cun crecemento máis robusto nos últimos anos é Comercio, transporte e hostalería, aínda que reduce o seu crecemento en 2018 respecto do ano anterior, dun 5,1% en 2017 ata un 3,4% en 2018. Todas as ramas rexistran taxas positivas no ano. Na primeira metade de 2019 o sector servizos continúa a ser o motor do crecemento da economía galega.

O principal indicador conxuntural do sector servizos, o Indicador de actividade do sector servizos (IASS) reflicte a moderación do sector no ano 2018, cun crecemento do 5,0% fronte ao 7,9% do ano 2017. No comezo deste ano, obsérvase un impulso na actividade, cunha taxa de crecemento nos sete primeiros meses do ano do 5,5%.

Cadro 11. Galicia, PIB, desglose polos compoñentes da oferta

Galicia. Oferta. Índices de volume. Referencia 2010								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)								
Operacións	2017	2018	2018				2019	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	1,9	0,9	0,8	1,4	0,8	0,7	1,1	0,2
Industria	3,2	3,8	7,3	3,8	2,2	2,1	-3,3	-2,1
- Industria manufacturera	4,9	2,8	5,4	3,7	1,5	0,9	-1,8	-0,8
Construción	6,7	6,1	5,5	6,2	6,8	5,8	5,7	5,5
Servizos	3,1	2,5	2,0	2,6	2,5	2,7	3,7	2,8
- Comercio, transporte e hostalería	5,1	3,4	2,7	3,7	3,3	4,0	6,1	3,8
- Información e comunicacións	7,8	2,6	2,5	4,4	2,9	0,7	1,9	-0,3
- Actividades financeiras e de seguros	1,0	2,0	0,8	0,7	2,4	4,0	3,8	6,0
- Actividades inmobiliarias	0,4	0,6	0,1	0,7	1,0	0,6	1,1	0,8
- Actividades profesionais	3,9	4,4	3,4	4,5	5,0	4,5	4,3	2,9
- Administración pública, sanidade e educación	2,0	2,0	2,1	2,0	1,9	2,1	2,7	3,0
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,2	0,3	0,3	0,4	0,3	0,3	0,2	0,2
Impostos netos sobre os produtos	2,1	1,5	2,4	1,2	1,1	1,3	0,9	1,5
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,2	2,8	3,1	2,9	2,5	2,6	2,3	2,0

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, creceu no ano 2018 un 1,9%, o que supón un incremento de 18.880 postos de traballo equivalentes en un ano ata acadar a cifra de 1.012.296 postos.

Todos os grandes agregados rexistran taxas positivas no conxunto do ano 2018 agás o sector primario (-4,8%). Na industria aumentan os postos de traballo equivalentes a tempo completo o 3,0%, na construción o 4,5% e nos servizos o 2,1%. En comparación coas taxas do ano anterior, as ramas agrícola, gandeira e pesqueira empeoran en 8,6 puntos porcentuais e a industria en 0,3 puntos mentres que a construción mellora en 3,5 puntos e os servizos en 0,8 puntos.

Na primeira metade de 2019, modérase o ritmo de crecemento dos postos de traballo equivalentes a tempo completo, cunha taxa do 0,9% no segundo trimestre, unha décima superior á do trimestre precedente.

Cadro 12. Galicia, Emprego, evolución en termos interanuais

Galicia. Postos de traballo equivalentes a tempo completo								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)								
	2017	2018	2018				2019	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	3,8	-4,8	-4,1	-5,5	-5,3	-4,3	-5,2	1,2
Industria	3,3	3,0	3,4	3,8	2,9	1,9	1,7	0,4
- Industria manufactureira	3,5	3,2	3,5	4,0	3,2	2,1	1,9	0,4
Construción	1,0	4,5	4,3	4,9	4,8	4,1	4,0	3,0
Servizos	1,3	2,1	2,2	2,4	2,0	1,8	0,9	0,7
- Comercio, transporte e hostalería	1,4	2,1	2,3	2,2	2,1	1,7	0,6	0,4
- Información e comunicacións	-0,4	0,8	-0,4	0,8	1,2	1,5	3,8	3,8
- Actividades financeiras e de seguros	3,5	-1,6	-1,6	-1,6	-1,6	-1,5	1,0	0,9
- Actividades inmobiliarias	2,5	7,8	7,7	7,7	8,4	7,5	-1,4	-0,9
- Actividades profesionais	5,6	3,4	4,7	3,5	3,0	2,3	1,2	1,0
- Administración pública, sanidade e educación	0,0	2,9	2,8	3,6	2,6	2,5	1,6	1,6
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-0,6	-0,8	-2,1	-0,2	-0,7	-0,1	-1,0	-1,7
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	1,8	1,9	2,1	2,2	1,8	1,5	0,8	0,9

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

As ramas agraria, gandeira e pesqueira aumentaron un 1,2% dos postos de traballo equivalentes no segundo trimestre de 2019, logo de seis trimestres consecutivos reducindo o emprego.

O conxunto da industria incrementa os postos de traballo no segundo trimestre respecto do mesmo trimestre do ano 2018 nun 0,4%, a taxa máis baixa desde 2015; a industria manufactureira tamén rexistra un incremento do 0,4%.

Os postos de traballo equivalentes a tempo completo aumentan o 3,0% na construción, un punto menos que no primeiro trimestre.

Por último, os servizos rexistran un crecemento do 0,7%, dúas décimas menos que no trimestre anterior. En todas as ramas créase emprego agás nas Actividades inmobiliarias e nas Actividades artísticas, recreativas e outros servizos.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, aumentou no ano 2018 un 3,4%, o que supón un incremento de 28.055 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano. No que vai de ano, o emprego asalariado tamén reduce a intensidade, rexistrando no segundo trimestre unha taxa do 1,4%.

No ano 2018, o número de hora efectivas aumenta un 0,5%, menos que no ano anterior (1,3%). No que vai de ano, mantense un crecemento moderado no número de horas, rexistrando unha taxa do 0,8% no segundo trimestre.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no situouse no 0,8% no ano 2018, seis décimas menos que no ano anterior.

A Enquisa de poboación activa (EPA) reflicte que o número de ocupados aumentou un 2,4% no ano 2018, máis que no ano anterior (1,2%); supón un incremento de 24.900 persoas ata chegar aos 1.077.600 ocupados, o valor máis alto desde 2011. No segundo trimestre de 2019, os ocupados aumentaron un 2,1%, oito décimas menos que no trimestre precedente.

O número de parados reduciuse no ano 2018 en 29.700 persoas, -15,2% en termos relativos, ata os 165.900 parados. Con este nivel de paro, a taxa no 2018 é do 13,3%, reducíndose en 2,3 puntos respecto ao ano anterior.

A caída do paro continúa en 2019, cunha redución no número de parados do 19,8% no segundo trimestre, o que leva a unha taxa de paro do 11,3%.

As afiliacións medias á Seguridade Social aumentaron un 2,4% en 2018, tres décimas máis que no ano anterior; nos nove primeiros meses de 2019 o crecemento é do 1,8%.

Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes aumentou no ano 2018 un 3,7% fronte ao 4,5% do ano anterior. Este incremento supuxo unha taxa do deflector implícito do 1,0%, dúas décimas inferior ao do ano anterior.

No segundo trimestre de 2019 o PIB a prezos correntes presenta un crecemento interanual do 2,9%, unha décima inferior ao do trimestre precedente. Este incremento implica unha taxa do deflector implícito do 0,9%, dúas décimas superior á taxa rexistrada no trimestre anterior.

Cadro 13. Galicia, PIB, desglose polos compoñentes da demanda e da oferta a prezos correntes

Galicia. Prezos correntes. Referencia 2010								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)								
Operacións	2017	2018	2018				2019	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	3,0	3,6	3,1	3,5	3,9	4,0	4,1	5,0
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	3,0	4,0	3,5	3,9	4,2	4,4	5,0	4,8
-Gasto en consumo final das AAPP	3,0	2,5	2,0	2,2	3,0	2,9	1,5	5,3
Formación bruta de capital	5,1	6,8	6,4	8,1	6,5	6,2	5,6	4,0
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	3,3	4,0	3,6	4,1	4,1	4,2	4,2	4,6
Exportacións de bens e servizos	6,2	5,4	8,1	6,8	6,3	0,5	-5,1	-7,7
Importacións de bens e servizos	4,1	6,3	7,6	8,1	8,2	1,6	-3,2	-4,9
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,5	3,7	4,1	3,7	3,5	3,7	3,0	2,9
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	4,2	3,1	5,2	3,3	0,3	3,5	0,5	0,9
Industria	6,1	5,6	7,4	5,8	5,5	3,9	-1,8	-1,6
- Industria manufactureira	6,9	3,9	6,8	4,9	2,6	1,6	-1,5	-0,5
Construción	7,4	6,2	6,9	6,3	5,6	5,8	5,9	6,0
Servizos	4,0	2,9	3,0	2,7	2,8	3,2	3,9	3,8
- Comercio, transporte e hostalería	6,5	3,2	3,7	3,2	2,6	3,3	4,7	3,2
- Información e comunicacións	6,1	1,4	2,1	3,2	1,4	-1,2	0,1	-1,6
- Actividades financeiras e de seguros	4,2	6,0	2,1	4,5	9,7	7,6	8,0	9,4
- Actividades inmobiliarias	0,8	1,2	1,2	1,3	1,2	1,0	1,5	1,5
- Actividades profesionais	4,5	4,8	5,0	4,7	4,9	4,8	4,0	3,0
- Administración pública, sanidade e educación	2,4	2,8	3,0	2,1	2,4	3,7	4,5	6,2
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,8	1,1	1,7	1,1	0,8	0,6	0,5	1,2
Impostos netos sobre os produtos	3,0	4,6	3,0	5,2	5,0	5,1	5,3	4,0

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

II.4. ESCENARIO MACROECONÓMICO

O escenario macroeconómico que se presenta conta co aval da Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF), en cumprimento do artigo 14 da Ley Orgánica 6/2013, de 14 de novembro, de creación da AIReF.

A AIReF avala como prudentes as previsións macroeconómicas de Galicia para 2020, ao estar comprendidas as previsións de PIB e emprego na zona media dos intervalos de previsión.

O escenario macroeconómico para Galicia elabórase cun modelo de estimación dos agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo (ver Anexo). Parte dunhas hipóteses básicas para as que se tivo en conta o escenario comentado anteriormente para España no apartado de economía española, as previsións de crecemento das principais economías mundiais expostas no apartado de economía internacional e hipóteses externas sobre o tipo de cambio e os prezos do petróleo. Na seguinte táboa móstranse os devanditos supostos.

Cadro 14. Hipóteses básicas do escenario.

Hipóteses básicas			
Taxas de variación interanual en %, salvo indicación en contrario			
	2019	2020	Fuente
Poboación en idade de traballar	-0,2	-0,2	Elaboracion propia
Gasto en consumo final das AAPP	1,1	2,0	Consellería de Facenda
Demanda interna España	1,5	1,8	Elaboracion propia
Demanda interna Francia	1,3	1,6	Comisión Europea (maio 2019)
Demanda interna Alemaña	1,3	1,8	Comisión Europea (maio 2019)
Demanda interna Italia	0,1	0,7	Comisión Europea (maio 2019)
Demanda interna Portugal	2,4	2,2	Comisión Europea (maio 2019)
Demanda interna Bélxica	1,1	1,4	Comisión Europea (maio 2019)
Demanda interna Países Baixos	1,8	1,9	Comisión Europea (maio 2019)
Demanda interna Reino Unido	1,5	1,3	Comisión Europea (maio 2019)
IPC xeral sen produtos enerxéticos España	0,9	1,1	Elaboracion propia
Tipo de cambio dólar/euro	1,12	1,10	Banco Central Europeo (setembro 2019)
Prezo petróleo "Brent" (nivel)	64,0	60,0	Banco Central Europeo (setembro 2019)

A economía galega ralentizará o seu crecemento no período de previsión, cunha taxa do 2,0% en 2019 e do 1,9% en 2020.

No seguinte cadro preséntanse esta previsión desagregada para os compoñentes da demanda.

Cadro 15. Galicia. Escenario macroeconómico dos orzamentos 2020.

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %			
	2018	2019	2020
Gasto en consumo final	2,2	2,9	1,9
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,3	3,5	1,9
- Gasto en consumo final das AAPP	1,8	1,1	2,0
Formación bruta de capital	7,0	4,8	3,0
Achega demanda interna¹	2,9	3,1	2,0
Exportación de bens e servicios	3,4	-5,1	2,9
Importación de bens e servicios	3,9	-3,1	3,3
Produto interior bruto (PIB)	2,8	2,0	1,9
Produto interior bruto nominal	3,7	3,0	3,1
Emprego. PTETC	1,9	0,8	0,8
Taxa de paro²	13,3	11,4	10,6

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: IGE

En liñas xerais, o crecemento da economía galega en 2019 basearase, desde a óptica da demanda, na demanda interna, que achegará 3,1 puntos porcentuais, como consecuencia do bo comportamento dos principais agregados. O sector exterior, afectado pola situación internacional, lastra o crecemento da economía.

Para o ano 2020, desde a óptica da demanda, a achega da demanda interna será de 2,0 puntos porcentuais. A achega da demanda externa será negativa mais prevese un incremento tanto das exportacións como das importacións.

Detállase a continuación, para os principais agregados da demanda, o cadro macroeconómico para o ano 2020 que configuran o crecemento do 1,9%.

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro manterá un sólido crecemento no período proxectado. O fortalecemento do consumo no ano 2019 estaría motivado polo incremento dos salarios e as pensións xunto cunha menor débeda dos fogares, aínda que unha menor intensidade na creación de emprego reduciría estes

efectos. Para o ano 2020, prevese unha perda de vigor no consumo como consecuencia dun menor impacto dos efectos favorables do ano anterior.

O gasto en consumo final das administracións públicas aumentará un 2,0%, nove décimas máis que no ano 2019.

A formación bruta de capital crecerá un 3,0% en 2020. As previsións indican que se manterá un ritmo de crecemento robusto nos próximos anos aínda que cunha moderación progresiva. A inversión empresarial, axudada por unhas condicións financeiras favorables e unha mellora no beneficios empresarias, seguirá mostrando un importante dinamismo. A desaceleración da demanda interna de España e dalgúns países do noso entorno podería influír nas expectativas das empresas galegas para os próximos anos. A inversión residencial continuará avanzando, axudada polo crecemento do emprego e os baixos tipos de xuro.

A achega da demanda externa será negativa no ano 2020, como consecuencia dun aumento das exportacións do 2,9% e das importacións do 3,3%. Para o ano 2019 prevese un peor comportamento do sector exterior: as exportacións ao estranxeiro estanse a ver afectadas polas tensións comerciais nos mercados internacionais e polas dificultades no sector automobilístico. A debilidade da demanda externa española reflíctese nas exportacións ao resto de España. Para o ano 2020 prevese que se reduza o impacto que as dificultades externas exercen na economía galega.

Por último, a taxa de paro situarase no ano 2020 no 10,6%, co que diminuírá 0,8 puntos respecto á do ano 2019. Un incremento da ocupación e un descenso da poboación activa levarían a esta taxa.

Anexo metodolóxico sobre o escenario macroeconómico de Galicia

Neste anexo resúmese a metodoloxía empregada para a elaboración do escenario macroeconómico, seguindo o disposto na Directiva 2011/85/UE del Consejo, sobre requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

O método utilizado para a elaboración do escenario macroeconómico é un modelo de estimación de agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo. É un modelo de periodicidade trimestral que pretende simular a evolución dos agregados macroeconómicos nun marco coherente cos escenarios propostos para as economías española e internacional e integrado no sistema de contas económicas de Galicia elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

O modelo proporciona estimacións de: gasto en consumo final dos fogares, demanda de capital (formación bruta de capital), demanda de traballo (ocupados), oferta de traballo (poboación activa) e taxa de paro; deflector del PIB, custo laboral e índice de prezos de consumo; exportacións e importacións.

As exportacións trátanse de forma distinta que as importacións. Nas exportacións distínguense entre as exportacións ao resto de España e as exportacións ao resto do mundo, mentres que as importacións se consideran nunha única ecuación.

As previsións sobre as variables macroeconómicas do escenario realízanse mediante modelos de ecuacións a curto e longo prazo que incorporan relacións de cointegración en modelos de corrección do error. O principio deste modelo é que existe unha relación de equilibrio a longo prazo entre as variables económicas e que no curto prazo pode haber desequilibrios, que son corrixidos gradualmente a través de axustes parciais polo termo do error.

Distínguense, polo tanto, dúas ecuacións de comportamento asociadas: unha ecuación a longo prazo, que explica a evolución tendencial da variable e unha ecuación a curto prazo, que explica a dinámica transitoria de tipo estacionario.

Cada ecuación estímase en dúas etapas. Primeiro estímase os parámetros da ecuación a longo prazo e unha vez obtida a especificación máis adecuada no longo prazo, defínese o mecanismo de corrección do error como os residuos da ecuación. Na segunda etapa os residuos trátanse como unha variable explicativa mais e procédese á procura de especificación e estimación dos parámetros da ecuación a curto prazo.

A taxa de paro, as exportacións totais, o deflector de exportacións totais, o stock de capital e o produto interior bruto (PIB) obtéñense como identidades.

A información de base obtense da Contabilidade anual e trimestral de Galicia, dos indicadores conxunturais dispoñibles para a economía galega obtidos a partir das operacións estatísticas elaboradas polo IGE ou das distintas operacións estatísticas nacionais que proporcionan a información para Galicia. Esta información é obxecto de diversas transformacións ata chegar aos datos empregados no modelo. Este tratamento inclúe operacións diversas, como deflactación, enlace de series con distintas bases, cálculo de indicadores compostos, desestacionalización, etc.

Realízanse supostos sobre a evolución das variables esóxenas ao modelo. Estes baséanse nas previsións que realizaron os organismos nacionais e internacionais na súas últimas previsións. Para as variables nas que Galicia presenta un comportamento propio, distinto ao nacional, como a poboación de 16 anos e máis anos, elabóranse uns supostos específicos para Galicia.

Supostos básicos

Os principais supostos utilizados para a elaboración das previsións son:

Poboación de 16 e máis anos: Prevese unha traxectoria consistente coas proxeccións de poboación de Galicia.

Demanda interna de España: os supostos sobre a súa evolución elabóraos o IGE a partir das previsións realizadas para España polos organismos públicos nacionais e internacionais.

Demanda interna dos principais países do entorno de Galicia: as hipóteses sobre a evolución da demanda interna dos principais países coinciden coas últimas previsións da Comisión Europea para estes países.

Índice de prezos de consumo sen produtos enerxéticos de España: as hipóteses elabóraas o IGE en función da evolución do índice así como das previsións dos distintos organismos.

Tipo de cambio dólar/euro: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco Central Europeo.

Prezo do petróleo Brent: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco Central Europeo.

Ecuacións

A continuación descríbense brevemente as ecuacións empregadas. En todas elas a frecuencia de observación é trimestral e as series foron axustadas de estacionalidade e calendario.

Demanda de traballo

A demanda de traballo queda determinada a partir da función de produción e das condicións de primeira orde de maximización dos beneficios da empresa representativa.

Demanda de capital

Ao igual que coa demanda de traballo, na teoría a demanda de capital a longo prazo dérivase da función de produción e da condición de primeira orde de maximización de beneficios. Na ecuación do modelo depende do produto interior bruto e do tipo de interese nominal das sociedades non financeiras.

Oferta de traballo

A ecuación da oferta de traballo (poboación activa) indica que depende da poboación en idade de traballar e da taxa de paro.

Consumo privado

Na ecuación do consumo final dos fogares a única variable explicativa como tal é o PIB, que actúa como aproximación á renda dos fogares.

Exportacións ao resto de España

As exportacións galegas ao resto de España dependen da demanda interna española e dun índice de competitividade, medido a través dos prezos de exportación dos países competidores no mercado do resto de España.

Exportacións ao resto do mundo

As exportacións ao resto do mundo dependen principalmente dun indicador de demanda mundial.

Importacións

As importacións dependen da demanda interna.

Deflector do PIB

A ecuación que describe o deflector do PIB considera que a súa evolución depende do custo laboral, do índice xeral de prezos de exportación dos países competidores, da inversa da relación capital – produto e da produtividade total dos factores.

Deflector de exportacións ao resto de España

O deflector de exportacións ao resto de España depende dos prezos internos, aproximados polo deflector do PIB, e dos prezos de exportación dos competidores do resto de España.

Deflector de exportacións ao resto do mundo

O deflector de exportacións ao resto do mundo depende do prezo de exportación dos países competidores do resto do mundo.

Deflector de importacións

O deflector de importacións depende dos prezos internos e dos prezos externos dos provedores.

Custo laboral

A ecuación de custo laboral mostra que a súa evolución depende da produtividade marxinal do traballo a prezos correntes.